

Memoria 2020

IGCC LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

- TIPOS -

APRENDE COMO SABER QUE TIPO DE MASCARILLA ES CADA UNA MIRANDO SU ETIQUETADO

			
HIGIÉNICAS	QUIRÚRGICAS	EPI-FFP2	EPI-KN95

ACTIVIDAD DEL IGCC

LABORATORIO DE CONSUMO DE GALICIA

1.1 Introducción

O ano 2020 foi un ao excepcional para todos, e para o Laboratorio de Consumo de Galicia (LCG) (o un centro oficial no que se realizan as análises e os ensaios sobre determinados produtos presentes no mercado co fin de avaliar a súa conformidade coas regulamentacións técnicas referidas tanto á calidade como a seguridade de produtos industriais) supuxo un novo desafío.

O noso traballo habitual céntrase na realización de ensaios sobre produtos de consumo co fin de verificar a súa adecuación á normativa, as súas características, e a veracidade das atribucións declaradas na etiquetaxe.

Pero, ante a pandemia do COVID-19 declarada ao final do primeiro trimestre do 2020, o LCG como instrumento técnico do Instituto Galego de Consumo, que ademais analizar os produtos obxecto de reclamacións dos consumidores, pretende detectar a presenza de produtos inseguros no mercado e comunicalo á rede de alerta nacional, destinou boa parte dos seus recursos á vixilancia do mercado das mascarillas. Neste sentido, o LCG redactou os protocolos de inspección dos tres tipos de mascarillas (EPIs, Hixiénicas e Cirúrxicas) que ían a abarrotar o mercado en poucas datas, á vez de avaliaba a documentación que acreditaba a adecuación das mascarillas e emitía informes para a súa inmovilización ou comunicación á Rede de Alerta no caso que se determinasen inseguras.

Grazas a este traballo, Galicia avaliou máis de 100 tipos de mascarillas distintas, e foi, tras Andalucía, CA na que reside o Centro Nacional de Medios de Protección, a segunda CA que máis mascarillas inseguras detectou no mercado e alertou.

Esta nova actividade levou a crear un departamento específico dedicado ao COVID-19 que empezou a traballar en pleno confinamento e que segue a traballar no ano 2021 e así seguirá, a lo menos, ata o final desta pandemia.

Deste xeito, o Laboratorio de Consumo de Galicia analiza e controla os produtos industriais, agrupados nas seguintes liñas de actuación:

Departamento COVID-19: Análise documental de mascarillas (Hixiénicas, cirúrxicas e EPI´s)

Departamento Têxtil: Análise de fibras e produtos têxteis

Departamento Mecánico: Xoguetes, material escolar, artigos de puericultura, etc.

Departamento Eléctrico: Aparatos eléctricos e pequenos electrodomésticos

Departamento Electrónico: Teléfonos móbiles, aparatos de son e imaxe, etc.

Departamento Químico: Análise de aditivos ou produtos químicos en diversas mostras (têxteis, xoguetes, artigos de puericultura, etc)

1.2 Actividades que realiza o Laboratorio de Consumo de Galicia.

1.2.1 Actividade analítica

A actividade fundamental do LCG é a de realizar análises de marcado e etiquetaxe de produtos industriais, así como análises físicas, químicas, eléctricas, electrónicas e mecánicas dos distintos produtos que recibe o Laboratorio a través dos seguintes canais:

Campañas de control de mercado do IGC.

Reclamacións dos consumidores

Inspeccións de oficio do IGC

Denuncias ante as xuntas arbitrais de consumo.

Consultas realizadas por diferentes organismos.

Solicitudes de análises demandadas por entidades e particulares.

Solicitudes de análises demandadas por outras administracións.

Desta forma, o Laboratorio de Consumo de Galicia ten capacidade para analizar anualmente uns 600 artigos de consumo e realizar para elo máis de 10.000 análises.

1.2.2 Actividade técnica de consultas e avaliación de riscos.

O LCG tamén da resposta a consultas nas materias da súa competencia, tanto a outros departamentos do IGC como a particulares, empresas o outras administracións.

Por outra banda, o Laboratorio de Consumo de Galicia ven sendo o departamento do IGC que realiza os informes de avaliación de riscos dos produtos que se comunican á rede de alerta nacional, sendo Galicia unha das Comunidade Autónoma que máis produtos inseguros introduce na rede de alerta.

Tamén, o Laboratorio de Consumo de Galicia, ademais dos informes de análises que realiza, e das consultas que resposta, realiza outras tarefas de consulta e asesoramento. De seguido se enumeran outras tarefas que realiza o laboratorio:

- Informes sobre seguridade de cordóns e cordas axustables en prendas infantís.
- Avaliacións de risco RAPEX en produtos analizados no LCG
- Avaliacións de risco RAPEX en produtos analizados por outros laboratorios

1.2.3 Participación en foros técnicos

Como órgano técnico do IGC, o laboratorio é membro de grupos de traballo, reunións técnicas, comisións, etc., como as que se sinala na continuación:

- Comité de Directivas relativas ás denominacións e etiquetaxe dos produtos téxtil. Comité 77 da Comisión Europea.
- Comité de adaptación ao progreso técnico da seguridade dos xoguetes. Comité 80 da Comisión Europea.
- Grupo de Traballo de Control de Mercado, dependente do Ministerio de Consumo.
- Comisión Galega de Laboratorios de Ensaio e Control de Produtos Alimenticios, dependente da Consellería de Sanidade.
- Comité Técnico de Normalización (AEN/CTN 40/GT8) sobre seguridade de roupa infantil.
- Comité Técnico de Normalización (AEN/CTN 40/SC1) sobre solidez de tintura sen produtos téxtiles e medida da cor.
- Comité Técnico de Normalización (AEN/CTN 40/SC6) sobre téxtiles. Ensaio Químicos.
- Comité Técnico de Normalización (CTN 201/SC 23BG) sobre clavijas, bases e interruptores eléctricos.
- Comité Técnico de Normalización (CTN 20/SC6) sobre ensaios químico en produtos industriais.
- Comité Técnico de Normalización (CTN 172/SC1) sobre seguridade de xoguetes.

O LCG participa tamén como experto no Comité Técnico de Normalización Europeo, pertencente al Comité Europeo de Normalización (CEN), no grupos de traballo:

CEN/TC 248/WG20, de seguridade en prendas infantís
 CEN/TC 248/WG30 de identificación e composición de fibras téxtiles
 CEN/TC 258/WG34, de seguridade dos produtos de puericultura no entorno do sono

1.2.4 Colaboración con outros laboratorios

O Laboratorio de Consumo de Galicia promove, organiza, e impulsa desde hai anos programas de ensaios de intercomparación con outros laboratorios acreditados, e participa, así mesmo, en ensaios de colaboración propostos por outros laboratorios e organizacións.

Estes exercicios permiten comparar os resultados obtidos polo Laboratorio de Consumo de Galicia cos obtidos polos outros laboratorios que participan no exercicio e que deben dispoñer de requirimentos similares de calidade. Desta forma, o Laboratorio de Consumo de Galicia garante non só que realiza adecuadamente os ensaios, senón que tamén obtén resultados similares ao resto de laboratorios que realizan análises similares.

No 2020, O LCG promoveu un ensaio de intercomparación en materia téxtil, seguindo o consello de ENAC de realización de un ensaio cada dous anos, pero a situación de pandemia e de confinamento domiciliario obrigou, de acordo co resto de laboratorios participantes, a pospóñelo ata o ano 2021.

1.2.5 Formación e Divulgación.

O LCG promove e participa nas tarefas de formación e divulgación en materia de consumo promovidas polo IGC e é requirido por outras administracións en tarefas de formación.

O LCC nos medios de comunicación

O ano 2020 foi un ano diferente. Por ese motivo, o LCG non estivo presente nin nas campañas de entroido nin nas de Nadal.

O LCG como centro de formación de profesionais

Dentro do convenio de prácticas asinado no ano 2013 entre o Instituto Galego de Consumo e a Universidade de A Coruña, no ano 2020, se realizaron prácticas no laboratorio que foron finalizadas durante o confinamento a mediante realización de traballos de revisión bibliográfica.

1.2.5 Xestión da Calidade dos servizos do Laboratorio de Consumo de Galicia.

Dende o ano 2002 o Laboratorio de Consumo de Galicia ten a acreditación da Entidade Nacional de Acreditación, ENAC, en diversos ensaios de produtos téxtiles, artigos de puericultura e xoguetes segundo os criterios de aseguramento da calidade na realización de ensaios segundo a norma ISO/IEC 17025. Esta acreditación representa o recoñecemento formal da competencia técnica do Laboratorio e a máxima fiabilidade nos seus resultados.

O mantemento desta acreditación require da existencia dun departamento de calidade no laboratorio que se encargue de comprobar que permanentemente estanse a cumprir tódalas especificacións referidas á cualificación do persoal, mantemento e calibración de equipos, control dos procedementos de traballo do laboratorio, tanto os referidos aos procedementos analíticos como de recepción de mostra, arquivo de documentos, emisións de informes e cuantos aspectos se refiran a actividade diaria.

Este sistema de acreditación require a superación de diversos procesos de auditoría periodicamente programados. Así, ademais das auditorías internas que realizamos, cada 18 meses temos que superar unha auditoría de ENAC de seguimento, e cada 54 meses unha auditoría de re avaliación, que é o sistema máis esixente de control establecido por ENAC (<https://www.enac.es>).

No ano 2020 o Laboratorio superou a auditoría de re avaliación, que se realizou na semana do 13 de marzo, xusto antes da declaración do estado de alarma.

O ano 2020, despois do redeseño de toda a estratexia de Calidade do Laboratorio motivada pola modificación da norma UNE 17025 e o cambio do responsable de Calidade, tamén significou a formación da nova responsable de calidade, Zoila Vilaríño, para que fose capaz de asumir esa tarefa no principio do 2021, despois da formación específica e da andaina polos procedementos, incluída a auditoría de reavaliación do 2020 no que participou a modo de observador. Es necesario agradecer o traballo de Juana Ferreiro, que asumiu temporalmente o rol de responsable de calidade durante este período, sen descoidar as dúas áreas da que xa era responsable (técnico e químico) e asumindo tamén a responsabilidade do novo departamento de COVID-19.

1.2.6 I+D e emprendemento no Laboratorio de Consumo de Galicia.

No ano 2019 o LCG elaborou tres proxectos que presentou na 1ª convocatoria da GAIN para premiar aos funcionarios públicos innovadores. Nesa convocatoria, o LCG recibiu o premio na modalidade de Proxectos innovadores polo traballo titulado "Impresión 3D: innovación para a competitividade"



Neste 2020, o Laboratorio presentou dous novos proxectos, liderados por Juana Ferreiro. Nesta ocasión o proxecto "Aplicación CEBRA: Procura da excelencia na Vixilancia do Mercado" foi o gañador na categoría de "Identificación de oportunidades"

Con este novo premio, o segundo consecutivo dos convocados nesta modalidade, o Laboratorio de Consumo de Galicia consolida o seu liderazgo na aplicación de iniciativas de Innovación e Desenvolvemento no seu traballo diario.

1.3 Análises dos datos do Laboratorio de Consumo de Galicia.

Motivo	Área do Laboratorio	Nº mostrás		Nº parámetros analizados		Nº parámetros incumpridos			
		2019	2020	2019	2020	2019	2020	Nº mostrás con incumprimentos 2019	Nº mostrás con incumprimentos 2020
Reclamacións	Téxtil	49	24	145	94	28	15	16	11
	Mecánico	1		40		21		2	
	Eléctrico	2	1	32	8	2	2	1	
	Electrónico	33	21	54	84	25	42	24	16
	Químico								
	Outros								
Inspeccións de Oficio	Téxtil	2		10	1	3	0	1	
	Mecánico	7	8	132	72	65	42	3	7
	Eléctrico	10	2	33	9	1	1	1	1
	Electrónico		1		9		2		1
	Químico		1		1		1		1
	Outros								
Campañas	Téxtil		79		829		87		59
	Mecánico	147	56	1.166	1.577	183	158	52	34
	Eléctrico	78	33	7.624	2.280	691	134	91	27
	Electrónico								
	Químico	3	2	66	15	5	1	4	
	Outros								
Particulares	Téxtil	10		201		2		1	
	Mecánico	50	58	843	447	80	33	21	20
	Eléctrico	1		69		36		1	
	Electrónico		19		192		137		16
	Químico	37	32	180	224	2	0	2	2
	Outros								
Informes Técnicos	Téxtil		77						
	Mecánico		5						
	Eléctrico		1						
	Electrónico		10						
	Químico		1						
	Outros								
Total		430	431	10.595	5.842	1.144	655	220	195

Táboa 1: Número de mostrás recibidas no Laboratorio de Consumo de Galicia durante os anos 2019 e 2020 distribuídas por áreas de actuación e motivo da análise

Dos 431 informes que figuran na táboa, 126 se refiren a informes de mascarillas, dentro do novo departamento COVID-19

Gráfico 1: Distribución porcentual das mostras recibidas segundo o motivo da análise polo LCG durante o ano 2020





Gráfico 2: Evolución das mostras recibidas polo LCG



1.3.1 Análises derivadas de reclamacións de consumo.

Analizáronse 46 mostras, procedentes doutras tantas reclamacións tramitadas a través dos servizos provinciais, e realizáronse 162 ensaios, detectándose 43 incumprimentos

Táboa 2: Número de mostras analizadas polo Laboratorio de Consumo durante o ano 2020 e recibidas dos servizos provinciais do IGC como consecuencia de reclamacións de consumo

RECLAMACIÓNS								
Área do Laboratorio	SERVIZO OU UNIDADE					TOTAL	Parámetros	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago		Analizados	Incumpridos
Téxtil	3	13		6	2	24	88	12
Mecánico				1		1	5	1
Eléctrico						0		
Electronicos	2	8	2	7	2	21	69	30
Químico								
Outros								
TOTAL	5	21	2	14	4	46	162	43

1.3.2 Análises derivadas de inspeccións de oficio

Analizáronse un total de 12 mostras, procedentes dos distintos servizos provinciais, que xeraron os correspondentes informes e fixéronse un total de 56 ensaios, nos que se atoparon 45 incumprimentos.

Táboa 3: Número de mostras analizadas polo Laboratorio de Consumo durante o ano 2020 e recibidas dos servizos provinciais do IGC como consecuencia de inspeccións de oficio

OFICIO								
Área do Laboratorio	SERVIZO OU UNIDADE					TOTAL	Parámetros	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago		Analizados	Incumpridos
Téxtil						0		
Mecánico				7	1	8	44	41
Eléctrico					2	2	2	1
Electrónico				1		1	9	2
Químico	1					1	1	1
Outros						0		
TOTAL	1	0	0	8	3	12	56	45

1.3.3 Análises derivadas de campañas de inspección

Analizáronse un total de 170 mostras, procedentes dos distintos servizos provinciais, que xeraron os correspondentes informes e fixéronse un total de 3.525 ensaios, nos que se atoparon 313 incumprimentos.

Táboa 4: Número de mostras analizadas polo Laboratorio de Consumo durante o ano 2020 e recibidas dos servizos provinciais do IGC como consecuencia de campañas de inspección de consumo

CAMPAÑAS								
Área do Laboratorio	SERVIZO OU UNIDADE					TOTAL	Parámetros	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago		Analizados	Incumpridos
Téxtil		10	35	16	18	79	829	87
Mecánico	1		10	45		56	404	92
Eléctrico	1	21			11	33	2.280	134
Electrónico						0		
Químico	2					2	12	0
Outros						0		
TOTAL	4	31	45	61	29	170	3.525	313

1.3.4 Análises derivadas de solicitudes de particulares ou empresas

O LCG realiza ensaios a empresas, outras Administracións e particulares que así o soliciten. Ao longo do ano 2019 recibíronse 98 mostras de diferentes produtos cun total de 1.293 parámetros analizados e atopáronse 120 incumprimentos.

Táboa 5: Número de mostras analizadas no Laboratorio de Consumo de Galicia durante o ano 2020 remitidas polas empresas ou particulares

PARTICULARES			
Área do Laboratorio	TOTAL	Parámetros	
		Analizados	Incumpridos
Téxtil	10	201	2
Mecánico	50	843	80
Eléctrico	1	69	36
Electrónicos			
Químico	37	180	2
Outros			
TOTAL	98	1.293	120

1.3.5 Consultas e outros informes técnicos

Ademais dos informes de ensaio que elabora o laboratorio como resultado das análises que realiza, resólvense diversas consultas técnicas e elabóranse outros informes técnicos relacionados cos órganos nos que participa o persoal do laboratorio ou das avaliacións de riscos relacionadas coa seguridade dos produtos segundo os criterios establecidos en RAPEX.

Pero este ano 2020, tamén puxo a proba o noso sistema de organización interna e o xeito no que afrontamos o traballo. A creación do departamento COVID-19 estruturouse nun primeiro momento como resposta ás campañas de control de mercado programadas polo IGCC para os produtos relacionados coa pandemia, postos a disposición dos consumidores en plataformas electrónicas. Neste caso, non íamos recibir unha mostra física no LCG, senón que recibiríamos a documentación que acreditase que os produtos inspeccionados dispoñían da documentación que acreditaba a súa adecuación para o fin que publicitaban (mascarillas cirúrxicas, hixiénicas ou EPI, etc.)

Pronto fomos conscientes de que non era unha tarefa fácil nen similar as outras das que soemos facer. Deste xeito, nun primeiro momento, cando o Servizo de Consumo de calquera das provincias nos solicitaba informe achegando a documentación do produto, nos redactabamos un informe técnico, xa que no podíamos cualificalo como informe de ensaios. Nestes primeiros informes xa vimos que o traballo ía a ser complexo, porque a documentación era incompleta ou non trazable, o que significaba un novo requirimento ao responsable do produto, unha nova achega de documentación e un novo informe técnico do LCG.

Deste xeito, elaboráronse máis de 126¹ informes correspondentes a 106 modelos de mascarillas diferentes.

Así creamos un novo tipo de informes no LCG, que denominamos INFORMES TÉCNICOS e que se refiren, ademais da comprobación documental dos produtos relacionados coa COVID-19, ao resto de informes técnicos relacionados con outras consultas, resposta ás alegacións aos expedientes derivados dos nosos informes de ensaio etc.

Táboa 6: Número de informes técnicos realizados polo Laboratorio de Consumo de Galicia durante o ano 2020

INFORMES TÉCNICOS						
Área do Laboratorio	SERVIZO OU UNIDADE					TOTAL
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	
Téxtil	14	1		5	57	77
Mecánico		1		3	1	5
Eléctrico			1			1
Electrónico			3	3	4	10
Químico					1	1
Outros						0
TOTAL	14	2	4	11	63	94

¹ Dos 126 informes de Mascarillas, 63 corresponden a informes da campaña específica de mascarillas e, polo tanto xa están contabilizados na táboa 4 dentro dos informes do departamento téxtil que foi o que asumiu a responsabilidade deste novo departamento


1.3.6 Conclusións dos análises dos datos

Este ano 2020 debe ser considerado como un ano atípico no Laboratorio debido á pandemia do COVID-19: os inspectores non saíron á rúa a por mostras como noutros anos, os consumidores tampouco se achegaron ás oficinas de Consumo a presenta-las súas reclamacións coa frecuencia que o viñan facendo, e todo se tornou diferente e distinto. Aínda así, o LCG e o IGCC puxeron todo da súa parte para seguir a exercer-la súa labor: se deseñaron e executaron campañas de control de mercado electrónico, facilitouse aos consumidores a achega de reclamacións on line e así no Laboratorio mantivemos unha actividade moi similar ao do ando anterior como se amosa no Gráfico 2.

Tamén foi un ano no que se incorporou unha nova responsable técnica no departamento eléctrico, e que tivo necesariamente que pasar por un período de formación ata poder asumir a responsabilidade da emisión de informes técnicos deste departamento.

No que se refire ao perfil da mostras achegadas ao laboratorio, como xa se expoñía na memoria do 2019, experimentou unha notable modificación cunha redución moi acusada do número de mostras achegadas por mor das reclamacións dos consumidores. Neste ano 2020 a situación consolidouse, pero esperamos que no 2021 se remonte esta tendencia. Neste gráfico amósase, de xeito resumido, a evolución das mostras de reclamacións recibidas no LCG nos últimos 6 anos:


Reclamacións



As mostras achegadas por mor das reclamacións tradicionalmente se refiren a mostras de téxtil e mostras electrónicas (fundamentalmente teléfonos móbiles), por conseguinte estes departamentos recibiron un número significativamente inferior de mostras que nos anos precedentes.

Por outra banda, o número de mostras analizadas no LCG referidas a particulares (mostras polas que se reciben ingresos económicos) creceu significativamente, pasando da media 35 mostras ao ano, ás 98 que recibimos no 2020. Esta modificación é moi substancial porque consolida o fito acadado no 2019 ao celebrar contratos con outras administracións autonómicas para realizar ensaios de seguridade en mostras tomadas pola súas inspeccións nas tarefas de control de mercado.

Por outra banda, o número de mostras analizadas no LCG referidas a particulares (mostras polas que se reciben ingresos económicos) creceu significativamente, pasando da media 35 mostras ao ano, ás 98 que recibimos no 2020.



Como se ve neste gráfico, o tipo de mostras mudou significativamente desde o ano 2019. A explicación reside en que se incrementaron as mostras de téxtiles porque foi o departamento que asumiu o control das mascarillas. Mermou en Mecánico porque houbo menos tomas de mostras. A responsable eléctrica estivo en formación, a responsable electrónica completou a súa, tanto no departamento electrónico como a responsable de calidade e técnico en ensaios mecánicos. Os ensaios químicos mantén a súa tendencia dos últimos anos.

No 2020 o Laboratorio de Consumo de Galicia analizou unha cantidade similar de mostras das analizadas en 2019, aínda que o número de parámetros analizados descendieron con respecto ao ano 2019, xa que moitas das mostras analizadas o foron documentalmete, e poruqe o departamento eléctrico, que aporta normalmente o maior número de parámetros avaliados, estivo en formación.

A maioría das mostras (32%) proveñen de campañas de control de mercado realizadas polo IGCC, polo que a vixilancia do mercado constitúe a principal actividade desde laboratorio. Pero no 2020, consolidouse o segundo lugar (25%) que ocupan as mostras que denominamos particulares, que son as solicitadas por outras Administracións ou particulares, polo que o ICGG recibe ingresos. Aínda que as mostras de oficio representa un unha pequena porcentaxe, isto é así porque a maioría das mostras que a inspección toma por similitude con produtos alertados inclúense nunha campaña de control continuo que ten o IGCC e son categorizados como mostras de campañas no Laboratorio.

Así que como dato salientable neste 2020 cabe sinalar que o LCG soubo adaptarse as difíciles condicións de traballo no ano da pandemia, e que como é a súa vocación, estivo ao servizo dos cidadáns participando nas tarefas de control de mercado prestando especial relevancia aos produtos relacionados coa creixe sanitaria do COVID-19.

1.3.7 Proxecto de detección de produtos con risco.

No ano 2020, a Comunidade Autónoma de Galicia atopou no mercado e comunicou ao sistema estatal de alertas de produtos de consumo non alimentario.

Xoguetes	43
Mascarillas	32
Luminarias	9
Disfraces	1
Pequenos electrodomésticos	1
Artículos Ocio/deporte	1
Artículos de jardinería	1
TOTAL	88

Galicia, un ano máis, segue a ser, como en anos anteriores unha das principais Comunidades Autónomas na detección de produtos inseguros.

A actuación proactiva do IGCC e a súa flexibilidade para adaptarse a retos tan difíciles como controlar o mercado en tempos de pandemia, xunto co apoio técnico e específico do Laboratorio de Consumo de Galicia, teñen conformado a nosa comunidade neste aspecto do consumo, como das máis eficaces do Estado.

1.4 CUMPRIMENTO PLAN OBXECTIVOS 2019

A continuación se enumeran os obxectivos previstos e o seu grado de cumprimento

1. Establecer un plan de formación para os novos técnicos do Laboratorio que se incorporaron no último trimestre de 2019 e no primeiro de 2020 (en substitución dos funcionarios interinos que ocupaban anteriormente esas prazas), podan incorporarse de maneira efectiva aos postos de responsables técnicos eléctrico, electrónico e de calidade que teñen encomendados.

Cumprimento: A pesares dos confinamentos e as dificultades provocadas pola COVID-19 no ano 2020, as dúas novas incorporacións do Laboratorio completaron o plan de formación e ao finalizar 220 xa estaban plenamente operativas como Responsable técnico eléctrico, Responsable técnico electrónico, Técnico mecánico e Responsable de Calidade do Laboratorio

2. Recibir un curso de formación especializado na norma UNE-EN ISO 17025 de acreditación de laboratorios de ensaio.

Cumprimento: Tanto a Responsable de Calidade no 2020, como a persoa que asume esa responsabilidade en 2021 realizaron o curso de formación especializado na norma UNE-EN ISO 17025 de acreditación de laboratorios de ensaio.

3. Seguir a traballar con outras CCAA na realización de ensaios de campañas de control de mercado e converternos nunha alternativa real para a contratación destes servizos

Cumprimento: No 2020 volvemos a ser contratados por outras administracións para realizar ensaios sobre a súas mostras de control de mercado, es estas foron cerca da cuarta parte das mostras analizadas en total por este Laboratorio, polo que consideramos acadado o obxectivo de converternos nunha alternativa real para este servizo por outras CCAA.

4. Inverter na impresión 3D, que nos está a dar tan bos resultados, coa adquisición dunha nova impresora máis profesional e con máis funcionalidades que a que temos na actualidade.

Cumprimento: No 2020 adquirimos unha nova impresora 3D (ULTIMAKER 5S) que cunha inversión de 8.012,40€ IVE engadido, supón unha mellora moi significativa pola súa versatilidade na actividade xa incorporada ao Laboratorio da creación de pezas para ensaios mediante impresión 3D.

5. Dotar ao Laboratorio de equipos necesarios para a análise como centrífugas, cámaras de microscopio, etc. que resultan imprescindibles para o desenvolvemento do nos traballo.

Cumprimento: No 2020 adquirimos Tamices, Xiringas, un equipo de Ultrasonidos, un equipo de Centrifugación, unha cámara de fotos para o microscopio e un SAI, que cunha inversión de máis de 13.000€ dotaron ao Laboratorio de equipamento imprescindible para o seu traballo.

6. Seguir a aumentar a internacionalización do Laboratorio de Consumo de Galicia coa participación en foros técnicos internacionais e grupos de traballo de CEN e da UE.

Cumprimento: No 2020 seguemos a participar nos grupos CEN dos que formamos parte, e a nosa participación tivo que adaptarse ás novas formas de reunión por videoconferencia, pero ademais, no mes de xaneiro, antes da irrupción da pandemia, e por primeira vez, celebrouse na Coruña a reunión do grupo de traballo CEN TC 248 WG 30 (relacionadas co estudo de novas fibras téxtiles, a súa denominación e identificación; así como coa harmonización de métodos cuantitativos de análises), e os seus membros visitaron as nosas instalacións.



7. Mellorar a nosa presenza nas canles web, actualizando a información do laboratorio na web do IGCC

Cumprimento: No 2020 actualizamos parta de documentación referida ao Laboratorio e participamos no deseño de diferentes páxinas de información sobre mascarillas.

8. No 2020 pretendemos comezar a desenvolver a documentación e os protocolos necesarios para a adaptación da súa actividade como provedor de exercicios de intercomparación a nivel internacional, conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17043:2010 Evaluación de la conformidad. Requisitos generales para los ensayos de aptitud. Preténdese obter a acreditación de ENAC, Entidad Nacional de Acreditación, como provedor de ensaios de aptitude, de forma que se poda actualizar esta información na rede EPTIS europea, promovendo a capacidade técnica do LCG; así como para poder ofrecer este servizo cuns custos asociados, de forma que o LCG poda crecer de forma sostible na situación

económica actual. Este proxecto, pola complexidade que supón ten un horizonte de 5 anos para materializarse.

Cumprimento: No 2020 non fomos capaces de acometer este proxecto que queda aplazado ata que se retome a nos actividade norma tras a pandemia.

Todos estes aspectos están tamén recollidos no PLAN ESTRATÉXICO 2020-2030 que forma parte dos documentos do Sistema de Calidade implantado no Laboratorio de Consumo de Galicia.

1.5 PLAN OBXECTIVOS 2021

Para o vindeiro 2021 propoñemos os seguintes obxectivos:

1. Dixitalización do laboratorio. Eliminar completamente o papel nas nosas comunicacións cos nosos clientes e tratar con ENAC de eliminar todos os rexistros en papel referidos no sistema de Calidade do Laboratorio.
2. Formación especializada Inspección de Consumo: Ofrecer para a inspección un curso sobre a verificación do mercado CE EPIS e outros produtos de consumo.
3. Seguir a se contratados por outras CCAA para a realización de ensaios de campañas de control de mercado y seguir sendo unha alternativa real para a contratación destes servizos
4. Incorporar o Ecommerce no deseño das campañas de inspección
5. Posta a punto de novos métodos de ensaio: Metais pesados en produtos de consumo
6. Seguir aumentando a internacionalización do Laboratorio: ampliar a nosa participación aos grupos de traballo de CEN incorporándonos aos grupos que redactan normas de seguridade de xoguetes.
7. Mellorar a nosa presenza nos canles web, actualizando a información do Laboratorio na web do IGCC. Participar no deseño de formatos web e redes sociais
8. Continuar o desenvolvemento da documentación para acreditarnos como provedores de exercicios de intercomparación a nivel internacional, conforme á norma UNE-EN ISO/IEC 17043:2010